

Lingua galega e literatura. Actividades de Semántica (adaptadas de anietopazo)

1. Cando os significantes de dúas palabras coincidiron por evolución fonética, prodúcese a...
2. Que relación de oposición existe entre *amo / criado*, *caro / barato* e *igual / diferente*?
3. Existen merónimos de *libro*, *lentes* ou *teléfono móbil*? Por que?
4. Cal é o sema diferencial das seguintes parellas de palabras?
abalo – devalo *fender – rachar* *chan – solo* *coñecido – público*
5. Que teñen en común as palabras subliñadas? Concreta o fenómeno.
Teño un contador de vinte amperes *O seu sadismo parece non ter límites*
Toca o saxofón desde cativa *Pasteurizamos todos os nosos produtos*
6. Cando a derradeira *ÁRBORE* sexa cortada, o derradeiro río envelenado, o derradeiro *PEIXE* pescado, só daquela, as persoas se decatarán de que os *CARTOS* non se poden comer. A partir desta sentenza do xefe dos Sioux coñecido como Touro Sentado, achega dous hipónimos de cada unha das palabras en maiúscula e mais un hiperónimo que cubra o campo de *árbore*, *río* e *peixe*.
7. É verdadeiro ou falso?
 - a) O termo *servidor* reduciu o seu significado nos últimos tempos.
 - b) *Couza* e *traza* son sinónimos absolutos ou totais.
 - c) A palabra *compañeiro* ampliou o seu significado ao longo da historia.
 - d) *Comezo* e *final* son termos complementarios.
 - e) *Intercesión* e *intersección* poden ser palabras homófonas.
 - f) Palabras monosémicas son aquelas que unicamente posúen un significado.
8. En cada unha das seguintes oracións hai un eufemismo. Localízao e di que tabú substitúe.
 - a) *Deixounos o ano pasado logo dunha doenza moi grave.*
 - b) *Moitos países en vías de desenvolvemento teñen grandes riquezas.*
 - c) *Pareceume que era moi amigo do alleo.*
9. Que teñen en común os termos *flexibilidade laboral*, *asentamentos*, *danos colaterais*, *reaxuste de prezos*? Que formas substitúen?
10. Di que tipo de relación semántica se establece entre os termos de cada par.

<i>efixie / imaxe</i>	<i>déficit / superávit</i>	<i>prólogo / epilogo</i>	<i>seco / enxoiito</i>
<i>temperán / serodio</i>	<i>apócrifo / falso</i>	<i>rexear / refugar</i>	<i>premio / castigo</i>
<i>extirpar / arrancar</i>	<i>inerme / desarmado</i>	<i>pagar / cobrar</i>	<i>habano / abano</i>
11. Indica en que parellas se produce o fenómeno da polisemia ou da homonimia.
 - a) *O meu veciño Xoel non che nada case nada.*
 - b) *Escoitouse un trono tan grande que fixo caer o trono do pedestal.*
 - c) *Púxoselle cara de contento cando o árbitro botou a moeda e saíu cara.*
 - d) *O trovador facía alusión a unha cobra na segunda cobra da cantiga.*
12. Cal é o significado das seguintes palabras parónimas?

<i>prótase – prótese</i>	<i>esfolar – esfollar</i>	<i>disfasia – disfaxia</i>	<i>eminente – inminente</i>
<i>expiar – espiar</i>	<i>crítico – críptico</i>	<i>zoa – zona</i>	<i>proscribir – prescribir</i>
<i>inicuo – inocuo</i>	<i>esotérico – exotérico</i>	<i>apóstrofe – apóstrofo</i>	
13. Tenta dar unha definición dos termos seguintes mediante a remisión ao significado oposto.

<i>inefábel</i>	<i>inexorábel</i>	<i>larafuzas</i>	<i>ineluctábel</i>
-----------------	-------------------	------------------	--------------------